

## INFORMACIÓN PARA O PERSOAL COLABORADOR NO COMEDOR ESCOLAR DO CENTRO.

### NORMATIVA DE REFERENCIA

**Instrución 2/2023** da *Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Universidade*, do 1 de xuño, sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión directa no curso escolar 2023/2024.

1.	<b>PERSOAS QUE PODEN DESEMPEÑAR AS FUNCIÓNS DE COLABORACIÓN NO COMEDOR ESCOLAR.</b>
	<ul style="list-style-type: none"><li>• Nais, pais, titores legais ou acolledores familiares de alumnos/as que estean cursando no curso 2023-2024 estudos no centro docente e que non desempeñasen este labor durante un mínimo de 36 días no curso escolar 2022-2023.</li><li>• Soamente nos casos en que resulte motivada e probada a imposibilidade de alternancia no desenvolvemento das tarefas descritas, poderase, en virtude de autorización expresa da Xefatura Territorial que corresponda, excepcional o cumprimento da regra xeral sinalada.</li><li>• Con carácter excepcional, por non existir persoal destinado no centro, nin colaboradores directos dispoñibles previstos ordinariamente en número suficiente, poderán desempeñar a función de colaboración outros familiares dos alumnos/as comensais, ex-colaboradores deste servizo, persoal relacionado coa comunidade educativa (conserxes, persoal limpeza), así como persoal que participe en programas de voluntariado social (Concellos, ONGs).</li></ul>
2.	<b>PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN.</b>
	<ul style="list-style-type: none"><li>• A dirección do centro, tras acordo do consello escolar, determinará as persoas que durante o curso 2023-2024 van a colaborar voluntariamente nas tarefas de atención e apoio dos alumnos comensais, elixindo aquelas idóneas.</li><li>• As persoas elixidas como colaboradores poderán ser relevadas polo Consello Escolar correspondente cando, ao xuízo deste órgano, perdan a idoneidade requirida para o efecto.</li></ul>
3.	<b>DOCUMENTACIÓN ESIXIDA, NO CASO DE SER SELECCIONADO/A, PARA O DESEMPEÑO DA FUNCIÓN DE PERSOAL COLABORADOR.</b>
	<ul style="list-style-type: none"><li>• Certificación negativa do Rexistro Central de delincuentes sexuais.</li><li>• NIF ou NIE.</li><li>• Certificación acreditativa dunha entidade financeira onde dispoñan de conta, aos efectos de poder realizarlles os correspondentes pagamentos.</li><li>• Anexo III, debidamente asinado, da <b>Instrución 2/2023</b> aludida como normativa de referencia. (Copias dispoñibles no centro).</li></ul>